

Fortalece a estrutura financeira do grupo

EROSKI REFORZA O SEU NEGOCIO EN CATALUÑA E BALEARES COA ENTRADA DE EP CORPORATE GROUP COMO SOCIO AO 50%

- EP Corporate Group (República Checa) convértese no novo socio financeiro de EROSKI
- Este acordo permitirá o relanzamento dos investimentos e da actividade en Cataluña coa marca CAPRABO e en Baleares coa marca EROSKI
- Con este acordo EROSKI dá o último paso para o obxectivo de normalización da débeda

Elorrio, 29 de marzo do 2021.- [EROSKI](#) alcanzou un acordo co Hólding investidor EP Corporate Group para se incorporar como socio paritario na sociedade SUPRATUC 2020, que engloba os negocios de Cataluña e Baleares. Deste xeito, EROSKI remata o proceso de busca de socio financeiro que comezou a comezos do 2019 co fin de fortalecer a estrutura financeira do grupo e o seu posicionamento en ambas as dúas rexións.

A operación permítelle a EROSKI mellorar a súa posición financeira e dar por cumprido o compromiso de amortización de débeda fixado para finais deste ano, nun importe superior ao comprometido coas entidades financeiras, e impulsará o relanzamento dos investimentos e da actividade en Cataluña coa marca CAPRABO e en Baleares coa marca EROSKI. A plena efectividade do peche da operación está suxeita a certas condicións suspensivas, entre as que se atopan determinadas autorizacións regulatorias e contractuais.

O presidente de EROSKI, Agustín Markaide, valorou a operación de maneira moi positiva, xa que sitúa a EROSKI onde planificaran. *“Sen dúbida ningunha, co acordo hoxe alcanzado culminamos este proceso con máis capacidades. En primeiro lugar, porque nos permite fortalecer os nosos recursos e aumentar a nosa capacidade de investimento, e tamén para lles dar cumprimento aos compromisos de amortización de débeda, tal e como vimos facendo puntualmente. Ademais, supón un estímulo pola confianza de EP Corporate Group no noso proxecto a futuro, xa que este acordo arrinca cun plan de xestión e desenvolvemento aceptado por ambas as dúas partes, que permitirá a consolidación dos nosos mercados, o reforzo da nosa posición comercial e a súa rendibilidade. A capacidade tractora que demostrou ter o noso negocio, mesmo a nivel internacional, durante o proceso de procura dun socio*

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa online



confirma que a nosa actividade e plans para o futuro van na boa dirección”, detallou Markaide.

EP Corporate Group é o holding de investimento de Daniel Křetínský e mais o seu equipo directivo, con ingresos anuais de máis de 10 mil millóns de euros en enerxía, infraestrutura e medios. Daniel Křetínský e mais o seu socio eslovaco Patrik Tkáč son uns dos principais investidores, entre outros, no sector comerciante polo miúdo de alimentación en Europa, con participacións en Metro, Casino Guichard Perrachon e na británica Sainsbury's. *“Esta transacción marca un paso importante para EP Corporate Group. Estamos entusiasmados de acompañar a EROSKI no seu negocio de Cataluña e Baleares, onde operan fortes insignias cun potencial moi atractivo. Valoramos a súa organización e apoiamos plenamente o seu plan de expansión nestes mercados. Esperamos contribuír coa nosa experiencia e recursos para potenciar o seu desenvolvemento”,* declarou o CEO de EP Global Commerce, Marco Arcelli.

EROSKI conta, ao longo dos seus máis de 50 anos de historia, con experiencias no desenvolvemento conxunto do negocio xunto a un socio. Tal é o caso da súa actividade actual en Galicia a través da súa filial Vegalsa-EROSKI, participada tamén ao 50%.

Para esta operación EROSKI contou co asesoramento de PwC Corporate Finance, o Banco Santander e Deloitte Legal. EPCG foi asesorado por EY.

CAPRABO

A filial do grupo EROSKI en Cataluña, CAPRABO, é a empresa de supermercados máis antiga de España e entrou a formar parte do grupo EROSKI no 2007. Con presenza inicial en Cataluña, Madrid, Baleares e Navarra, a rede de CAPRABO fóra de Cataluña, que representaba case a metade (44%) dos seus puntos de venda, integrouse na rede de EROSKI ou foi alleada en diversas operacións. Actualmente, conta cunha rede comercial de 213 supermercados propios, 80 franquías e unha gasoleira que se concentra en todo o territorio catalán e Andorra e nelas traballan máis de 5.700 persoas.

EROSKI BALEARES

Baleares é unha das rexións estratéxicas de EROSKI, onde conta cunha rede comercial de 107 supermercados propios e 72 franquizados, cun equipo de case 2.500 persoas e cunha comunidade de 377.432 socios e socias cliente.

Grupo EROSKI

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. A súa rede comercial elévase a 1.624 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry, amais de gasoleneiras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo e o seu supermercado online. Ademais, conta tamén con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas, traballadores e franquizados.

EP Corporate Group

EP Corporate Group (EPCG) estableceuse recentemente como un novo hóliding que englobará todas as participacións estratéxicas de Daniel Křetínský e do seu equipo directivo, incluíndo EPH (enerxía e infraestrutura), EPGC (almacenista e cash&carry), CMI (medios), ECI (e-commerce), EPRE (inmobiliario). EP Corporate Group ten a súa sede en Praga, República Checa.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa *online*